CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e dous de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 16 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Belén García Penerbosa

ANTECEDENTES

1. Don Marcos Sánchez López, con DNI núm. [redacted], na representación que ostenta no presente expediente de Dona BELÉN GARCÍA PENERBOSA, con DNI núm. [redacted] e con domicilio no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Camba, solicita con data 3 de marzo de 2026 (RE-E núm. 136) licenza municipal para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba.

2. Achégase proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Marcos Sánchez López, en data 04/09/26.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como *"solo rústico de protección agropecuaria"* polo PXOM en vigor.
4. As obras solicitadas consisten na rehabilitación e ampliación dunha edificación tradicional existente destinada a vivenda unifamiliar, mediante a conservación e mellora de elementos construtivos existentes (muros de carga de pedra), xunto coa ampliación dun novo volume edificatorio en planta e en altura, integrado coa edificación orixinal. A intervención abrangue a redistribución funcional dos espazos interiores, a renovación de instalacións e acabados, e a incorporación de novos sistemas construtivos: cimentación e estrutura (na parte ampliada), envolvente e carpinterías; mantendo o uso residencial existente.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

5. A superficie construída increméntase desde os 245,40 m² existentes ata os 323,60 m² proxectados, o que supón un aumento de 78,20 m². Pola súa banda, a superficie útil resultante ascende a 246,80 m².
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria Primeira da LSG, na que se establece que ao Solo de Núcleo Rural e ás areas de expansión dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, aplicaráselles o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire as edificacións tradicionais existentes, ás cales será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG. Ao tratarse dunha edificación tradicional anterior a 1975, a rehabilitación ampárase no artigo 40 da LSG e no artigo 63 do RLSG, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos ordinarios, agás o límite de altura, sempre que se manteñan as características esenciais da edificación.
7. A ampliación de volume proxectada, segundo datos do plano S03 do proxecto básico achegado, é do 49,07%, inferior, polo tanto, ao 50% permitido polo artigo 40 da LSG e o artigo 63 do RLSG.
8. O inmoble a rehabilitar dispón da seguinte referencia catastral: 36047A014004900001AD.
9. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de DOUSCENTOS NOVE MIL CENTO SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (209.161,34 €).
10. Consta asemade no expediente o seguinte informe de carácter sectorial:
    - Informe do Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra de data 16 de xullo de 2026 no que manifesta que “non resulta preceptiva a emisión por parte da Consellería do Medio Rural do informe sectorial previo que recolle o artigo 36.2 da lei 2/2016”.
11. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

12. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
13. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
14. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER á Dona BELÉN GARCÍA PENERBOSA licenza municipal para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Marcos Sánchez López, en data 04/09/26, coas condicións especiais seguintes:

a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

c) Condición previa ao inicio das obras:

— Deberá presentarse unha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución, visado polo colexio profesional, xunto coa documentación complementaria que proceda e a esixida no artigo 143.4 da LSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de CATRO MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (4.183,22 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL CORENTA E CINCO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (1.045,80 €).

3.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA" – EXPEDIENTE NÚM. [redacted]

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de *"PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA"*, na reunión celebrada o día 21 de setembro de 2026, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez admitida e avaliada a proposta presentada, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[redacted]	51.064,82 €	80,00	4 ANOS	10,00	————	00,00	90,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[redacted]	90,00

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dadas as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para contratar nas inscricións da sociedade Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: *"O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)"*.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada *"PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA"* a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: [redacted]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [redacted]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 42.202,33 €

IVE: 8.862,49 €

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cincuenta e un mil sesenta e catro euros con oitenta e dous céntimos (51.064,82 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición presentada e admitida.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL PARA CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) – FASE IV"

O Sr. alcalde informa que, por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024, foi aprobado o proxecto técnico da obra de *"CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL PARA CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) – FASE IV"*, redactado polos arquitectos Don Daniel López Ben e Don Pablo Noya Suárez , con data novembro de 2024, cun importe de execución por contrata de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL SETENTA E OITO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (1.164.078,88 €), IVE incluído.

O Concello é beneficiario a esta data das seguintes subvencións para dito investimento:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- ✓ Subvención por importe de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 €) concedida por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra, de data 7 de marzo de 2025, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra).- Expediente núm. [redacted].
- ✓ Subvención por importe de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €) concedida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en virtude de Convenio de colaboración asinado en data 23 de xullo de 2026.
- ✓ Subvención por importe de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 €) concedida por resolución da Dirección Xeral de Administración Local, de data 19 de agosto de 2026, ao abeiro da Orde do 27 de abril de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico, previsto na letra a) do artigo 60.cinco da Lei de orzamentos xerais para 2026 (DOG núm. 85, do 08/05/26).

A cantidade restante, por importe de CATORCE MIL SETENTA E OITO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (14.078,88 €) financiarase con cargo ao orzamento municipal para o que existe a esta data consignación axeitada.

Xa que logo, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada no disposto no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, que atribúe aos concellos a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, e da necesidade de cumprir o obxecto das subvencións concedidas polas diferentes administracións públicas anteriormente consignadas.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de "*CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL PARA CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) – FASE IV*", de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación avaliables de xeito automático.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 4 de marzo de 2026, foi aprobado o proxecto técnico da obra de *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"*, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data febreiro de 2026, cun orzamento de execución por contrata de CENTO NOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E TRES EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (109.983,18 €), IVE incluído.

O Concello é beneficiario a esta data das seguintes subvencións para dito investimento:

- ✓ Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por resolución de data 09/06/26, por importe de SETENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS SETENTA E CATRO EUROS (79.274,00 €), en dúas anualidades (32.296,23 € no 2026 e 46.977,77 € no 2027), ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2025 da Consellería do Medio Rural pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 24, do 05/02/26) – Expediente [redacted].
- ✓ Subvención por importe de TRINTA MIL SETECENTOS NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (30.709,18 €) concedida por resolución de data

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

15/09/26 da Deputación de Pontevedra, ao abeiro do Plan Máis Provincia 2026 – Expediente [redacted].

Xa que logo, dispoñendo xa dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de *"acceso aos núcleos de poboación"* e *"pavimentación das vías públicas"*, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto das subvencións concedidas para tal fin.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE"*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación de avaliación automática.

6.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR)

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don José Luís Hermida González.

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 21/09/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: José Luís Hermida González

DNI: [redacted]

DOMICILIO: Lugar da Feira, parroquia de Río

VALORACIÓN: [redacted]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 4,24 €/hora

7.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE TURÍSTICA E DE LECER DENOMINADA "TOUR CAMBOTE – SEGUNDA PARADA"

Infórmase aos membros asistentes que o Concello ten previsto realizar o vindeiro día 24 de setembro unha xornada turística para os/as veciños/as do Concello e interesados/as en xeral, consistente nunha excursión dentro da provincia de Pontevedra con destino ao Grove, Illa da Toxa e Combarro. Preténdese con dita iniciativa facilitar o goce dunha xornada de lecer e convivencia, visitando diversos destinos da nosa provincia.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar unha actividade turística o día 24 de setembro do corrente consistente nunha excursión ao Grove, Illa da Toxa e Combarro, coa seguintes características principais:

- ✓ Poderán inscribirse os/as veciños/as empadroados/as no Concello e persoas interesadas ata o límite de prazas..
- ✓ A actividade inclúe desprazamento ida e volta en autocar, visitas turísticas e xantar en restaurante.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- ✓ O número de inscritos/as na actividade quedará limitado á capacidade máxima do medio de transporte (dous autobuses).
- ✓ Establécese un copagamento por importe de vinte euros (20,00 €) por inscrito/a, a abonar no momento da inscrición.
- ✓ A inscrición poderá realizarse no Concello e no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares" de Rodeiro, con data límite do día 23 de setembro.

Segundo.- Imputar o custe da actividade á partida presupostaria 330/226 do vixente orzamento municipal, aprobando o correspondente gasto cun límite máximo de CATRO MIL CINCOCENTOS EUROS (4.500,00 €).

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 520,13 €

  Por indemnización por asistencias ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- JORGE SÁNCHEZ CARBALLAL 520,13 €

  Por indemnización por asistencias ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- JORGE SÁNCHEZ CARBALLAL 41,60 €

  Por desprazamentos ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 483,41 €

  Por indemnización por asistencias ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- NICOLÁS PÉREZ IGLESIAS 483,41 €

  Por indemnización por asistencias ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- NICOLÁS PÉREZ IGLESIAS 33,28 €

  Por desprazamentos ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- VANESSA HERMIDA FERNÁNDEZ 483,41 €

  Por indemnización por asistencias ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- VANESSA HERMIDA FERNÁNDEZ 31,20 €

  Por desprazamentos ás Comisións de selección do obradoiro de emprego *"Terras de Camba II"*, s/minuta.

- TYSGAL MEDIOAMBIENTE S.L. 2.420,00 €

  Por contrato de servizos consistente na redacción de informes respecto do estudo de impacto ambiental do parque eólico *"Monte Cabeza II"* e a súa infraestrutura de evacuación, s/factura núm. 2026/20260053 (FACe).

- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 799,00 €

  Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación *"Concilia Verán Rodeiro 2026"* no mes de setembro de 2026, s/factura núm. ROD/003 (FACe).

- O RODO, S. COOP. GALEGA 43,53 €

  Por subministro de combustible a vehículos municipais, s/factura núm. FA-1531.

- MIGUEL CONDE VALES 2.453,23 €

  Por subministro de ferro para obras municipais, s/facturas núm. C-2026157 e 2026158.

- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 699,55 €

  Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/facturas núm. 26-LAL/2551 e 26-LAL/2695 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 2.333,76 €

  Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. L20260005 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.717,15 €

  Por subministro de combustible ao camión de recollida do lixo, s/factura núm. FA-1528.

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.664,10 €

  Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de agosto de 2026, s/factura núm. 2026/2756 (FACe).

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.313,11 €

  Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 14/26.

- FOLLAS VOADORAS S.L. 19,95 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. A/322 (FACe).

Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- EL CORDERO GALLEGO S.L. 424,92 €

  Por subministro de combustible ás furgonetas de transporte, s/factura núm. 26F/000607 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)